



## Concello de Outeiro de Rei

---

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN E RESPIRO FAMILIAR A DOMICILIO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

#### **Artigo 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 41 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio, que constitúe un servizo público municipal que se presta de acordo co establecido na Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### **Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible desta a prestación do servizo conciliación e respiro familiar a domicilio como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

#### **Artigo 3. OBRIGADO AO PAGO**

Estarán obrigados ao pago do prezo regulado na presente ordenanza os beneficiarios do servizo de respiro familiar a domicilio.

#### **Artigo 4º COTA TRIBUTARIA.**

As persoas usuarias do servizo de conciliación e respiro familiar a domicilio contribuíran ao financiamento do custo do servizo na medida da intensidade dos servizos recibidos ( 8 h, ou 4 horas).

A fixación da cota tributaria realizarase pola Xunta de Goberno Local e expresarase en euros/hora.

Para o cálculo da cota tributaria considerarse a totalidade dos gastos imputables ao servizo, expresándose en euros/hora. Atendendo ás especiais características sociais e económicas dos beneficiarios, a Xunta de Goberno poderá fixar prezos inferiores aos prezos de custe do servizo.

#### **Artigo 5. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO E PERÍODO IMPOSITIVO.**

A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, nace dende o día en que se recoñeza o dereito á prestación do servizo. As liquidacións practícaranse por meses naturais en función do servizo prestado durante os dez primeiros días do mes seguinte

#### **Art. 6.-NORMAS DE XESTIÓN.**

1. O devengo do prezo público regulado nesta ordenanza xurde o día en que se recoñeza o dereito á prestación do servizo, debéndose facer efectivo con periodicidade mensual durante os primeiros dez días do mes seguinte.

2. A forma de pago será mediante domiciliación bancaria, previa autorización do beneficiario por escrito.



## Concello de Outeiro de Rei

---

3. O concello formulará mensualmente un padrón no que reflectirá o prezo correspondente a cada usuario en función das horas de servizo efectivamente prestadas.

4. A primeira liquidación será notificada ao interesado, as sucesivas liquidacións serán entregadas na entidade bancaria en onde se atope domiciliado o pago durante os primeiros dez días do mes seguinte.

6. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento

### **Artigo 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación”.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 22/11/2018. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 24 de 29/01/2019].